

# O encontro

E noite pecha. Só se oí o sopro do vento. Mira cara os lados, ten sorte, non hai ninguén. Trepa cunha axilidade felina á parede que dá a unha ventá, onde está a súa vítima: unha pulseira de ouro e diamantes.

Repiquetean as campás, son as doce da noite.

Esta é a súa oportunidade. Entra no piso. Todo está escuro. En medio desa escuridade óese a respiración tranquila dunha muller de setenta e seis anos durmindo. Achégase silenciosamente ata ó caixón da mesa de noite. Ábreo: non hai nada! Mira á muller. Sabe o que ten que facer.

-Érguete dunha vez , vella!- di cunha voz raspada.

A pobre muller érguese dun brinco da cama.

-De onde saíches?-pregunta a muller con certo tremor na voz.

-Entrégame a pulseira agora mesmo!-ordénalle con certa altanería na súa voz .

A vella vírase cunha velocidade increíble para a súa idade, pero está escuro e tropeza co escritorio e cae no chan , dando coa súa cabeza contra a parede. Intenta acender a luz pero unha man non lle permite moverse , agarrándoa do brazo cunha forza extraordinaria.

-Non me faga a dano-suplica a vella .

-Onde o tes ?-inquire a figura.

A señora non pode evitar mirar á almofada , cousa que non pasa desapercibida ó individuo.

Dándose conta do seu erro , a señora di:

-No cuarto da lavalouza. Entre a roupa sucia.

-Non te convén mentirme- sisea o caco-. Poderías explicarme como unha reliquia, codiciada polo propio rei, pode estar entre a roupa sucia.

-Pois...

A vella mira hacia onde cre que están os ollos dese maldito e di, facendo acopio do seu valor:

-Eu non lle estou mentindo . Pode crer o que queira.

Leva unha labazada.

- A min ninguén me mente, vella.

Nada máis dicir isto lánzaa contra a parede e vai cara á almofada . Lanza un berro vitorioso.

Debaixo desta encontra unha caixa de cristal pulido a través do cal podes ver a pulseira.

Cólase pola ventá , pero dálle sen querer ó interruptor da luz, polo que esta se acende. Antes de quedar inconsciente , a vella distingue un mechón de pelo dourado moi similar ó da súa neta Clara . Pecha os ollos cun sorriso triunfal.

No medio da noite , escóitase un berro de odio e decepción.

Entre a roupa sucia refulxía unha pulseira dourada codiciada polo propio rei.

**Kora Williams Cidre**